



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A REIMPLANTACIÓN DO PROGRAMA XADREZ NA ESCOLA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a reimplantación do programa «Xadrez na Escola».

Exposición de motivos

O xadrez en Ferrol é unha tradición case centenaria, de ampla implantación social e impulsada polo Círculo Ferrolán de Xadrez.

Nos últimos dezaioito anos vense desenvolvendo o programa «Xadrez na Escola» en todos os centros de educación infantil, ben públicos ben concertados, da nosa cidade, a toda a infancia de 5, 6 e 7 anos, axudando a incrementar as súas habilidades sociais, autonomía e aprendizaxe dun xogo que aumenta as súas destrezas.

Se ben o curso pasado era comprensible por mor da Covid unha pausa nesta capacitación, non podemos entender que neste curso non haxa unha previsión de introducir nas programacións didácticas dentro do horario lectivo o xadrez nas escolas, un programa que funciona con éxito contrastado, que é demandado polas asociacións de nais e pais, ben acollido polas direccións dos centros e un respiro formativo para os máis de mil nenos e nenas que aprenden xogando concentración, memoria e respecto polos rivais.

A imposibilidade de asinar un convenio que leva 18 anos asinándose non pode ser a escusa para deixar morrer unha actividade educativa útil que reforza o desenrolo social e

cognitivo dos nenos e nenas e dótaos de capacidades tanto lóxicas coma creativas. Unha actividade que complementa á perfección o resto de competencias propias dun ensino de calidade.

Cun custo de pouco máis de 30.000 euros, unha cantidade ínfima en relación co servizo que se presta e a cantidade de persoas á que se chega, e practicamente a décima parte da cantidade que se dedica no orzamento a gastos de publicidade e atencións protocolarias, parece que tan só é unha cuestión de vontade política darlle unha solución a unha demanda da cidade, que ademais preservaría os postos de traballo vinculados ao convenio.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1.- Asinar de forma inmediata un contrato menor para a impartición do programa “Xadrez na Escola” co Círculo Ferrolá de Xadrez no segundo trimestre escolar.

2.- Estudar as alternativas administrativas para que este servizo non se deixe de prestar, xa que suporía a súa falta o decaemento dunha entidade senlleira como é o Círculo Ferrolá de Xadrez e, con el, a perda dun sinal de identidade de Ferrol, a práctica de algo máis que un deporte, que leva décadas implantado na sociedade local.

Ferrol, 23 de setembro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común